

# XOÁN GONZÁLEZ-MILLÁN, TERCEIRO PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE ESTUDOS GALEGOS

HELENA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ  
*Universitat de Barcelona*  
*Relacions Públicas da AIEG*

O Dr. Xoán González-Millán, terceiro Presidente da Asociación Internacional de Estudos Galegos (1991-1994) e Vicepresidente o trienio anterior, finou no inverno pasado e o frío da neve nas montañas de Nova York privounos dun referente teórico fundamental para os estudos literarios, privounos do mellor embaixador que calquera nación pode imaxinar e privounos, a moitos, do infatigable, cordial amigo e mestre Xan. Todos o lembramos nas librerías, nas tendas de música, nas conversas sempre co caderno ó lado para o anotar todo. Teño para min que tamén anda por aquí, onda nós, tomando nota das intervencións e esborranchando ideas para un vindeiro artigo. Se non me engano este é o primeiro acto académico no que a comunidade investigadora internacional lle rende homenaxe, e eu asegúrolles que para min é un acto terrible. Máis aínda despois do duro labor de abriremos desde *Canal Estudios Galegos* un libro de dó ó que chegaron ducias e ducias de notas desa comunidade, virtual pero existente, de estudosos da cultura galega no mundo. Para quen abriamos a diario a caixa do correo, Chus Lama e mais eu, era triste pero reconfortante recibir tantas mostras de pesar e recoñecemento. O teórico deixara unha pegada que nin el mesmo chegou a imaxinar sendo como son as parroquias investigadoras pequenas, pequeneiras. Por sorte, desde mediados dos 90 moitos dialogaron co seu pensamento. Sonlle debedores moitos traballos de investigación, moitas teses, moitas reflexións en voz alta de Oxford a Santa Barbara, de Vigo a Barcelona e, por suposto en Nova York, onde queda un seu discípulo, Alex Alonso Nogueira.

O escultor Francisco Leiro, nado na ribeira do mar da Arousa e residente, cando menos longas tempadas, en Nova York, ofrécenos o que podería ser un dos retratos que nos foron roubados de Xoán González-Millán. Trátase dunha

das súas pezas figurativas características, en madeira de castiñeiro, titulada *Mildreas falando*, de 1987, máis ou menos cando Xan asoma ao mundo investigador. Trátase dun deses homes colosais de Leiro, coa contundencia que lle é habitual, causando a sensación de extrema natureza terrea da madeira solidamente pousada no chan coa lixeireza arbórea, inmensa e imposible dos seus xigantes expresionistas. *Mildreas falando* é o retrato sereo dun home combado fisicamente polo peso dos anos e do traballo sen ser aínda vello petrucio, coa cabeza e a fala lúcida ofrecendo o seu pensamento a quen estiver disposto á conversa intelixente. Xoán González-Millán, marcado como Leiro polo Atlántico por medio, naceu tamén ó pé do mar da Arousa e fíxose residente a tempo completo en Nova York. Deixounos demasiado novo, cadrando co tempo das mandarinas, e por iso ese retrato do home entrado en anos, lúcido e sabio, nos foi roubado. Xan coma Mildreas, era un home de cabeza teórica e afabilidade colosais e fóisenos nun ano que virou negro o espírito e o corpo de Galicia, coa morte de Carlos Casares e Roberto Vidal Bolaño, e logo coas ondas negras do fuel que el aínda puido albiscar desde a beira do Hudson.

Deixounos o Dr. González-Millán unha obra aberta voluntariamente polémica, arriscada e política. Literatura, sociedade e nación foron as tres crenchas do seu pensamento trezado que lle serviu para revisar a fundamentación da identidade nacional. Efectivamente, abro un volume groso, o *Galicia, unha luz no Atlántico* (Vigo: Xerais, 2002) que coordinou Víctor Freixanes e alí, nas páxinas 388 e 389 aparece González-Millán como un dos canteiros que ofreceron argumentos novos para o discurso da nación actual, xunto a Francisco Fernández del Riego, Ramón Piñeiro, Ricardo Carballo Calero, Alonso Montero, Margarita Ledo, Xosé Manuel Beiras, Ramón Villares, Xosé Ramón Barreiro ou un fraternal amigo de seu, Antón Figueroa. Alí están nomes diverxentes no pensamento pero todos imprescindibles na construción identitaria contemporánea que non só non refuga enlamarase de presente senón que ofrece elementos críticos para unha máis eficaz e consciente construción do futuro. Velaquí un exemplo. Nun dos seus últimos traballos, *Resistencia cultural e diferenza histórica*. A experiencia da subalternidade (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 2000) escribía sobre o futuro inmediato, o noso presente, logo de pensar —e disentir— a libro aberto con Gramsci, Thompson, Bakhtin ou Even-Zohar. Así falaba el da Galicia no terceiro milenio, con aquelas frases longuísimas que o caracterizaban:

A Galicia do ano 2000, que hai un par de décadas soaba a unha frase tópica (de tan utópica), está xa aí, repleta de posibilidades e sobre todo de desafíos. As fronteas multiplícanse día a día, pero sobresaen pola súa especial relevancia as representadas por tres dinámicas: a da globalización a escala mundial, a dunha imparabile europeización das diversas unidades socioculturais que forman parte do continente homónimo e a dunha urxente reconsideración das normas do xogo político-estatal (constitucional). Cada unha delas intervén de forma

específica no proceso de (re)construcción dun imaxinario nacional galego. A eficaz aplicación de moitas das ideas que percorren este libro á Galicia do terceiro milenio, sexa a mobilización dunha (hipotética) sociedade civil fronte ás institucións do Estado, a construción dunha hexemonía nacional galega, a institucionalización duns *espacios sociais* galegos diferenciados e autónomos, ou a potenciación dos ámbitos nos que agroman proxectos de resistencia fronte aos procesos de uniformidade teledirixidos por unha globalización da lóxica do capital ou por unha pseudo-europeización, dependerá, en gran medida, da capacidade de imaxinación social pero, sobre todo, dun esforzo colectivo por precisar as prioridades e meditacións que determinan e condicionan todo proceso de renovación social. (*Resistencia cultural e diferenza histórica*, pp. 177-178)

Fáltalle a este texto unha apostila de actualidade: a valoración que González-Millán faría logo do quebro que a sociedade galega viviu neste inverno intenso e negro. Queda ese labor para nós, obrigados agora a debater co seu pensamento que non se ofrece dogmático senón dialogante e que se marca como reto a transformación permanente, infatigable e rigorosa.

Coido que Xoán González-Millán está connosco aquí neste congreso porque este foro existe, entre outras razóns, gracias ao pulo de investigadores que coma el asumiron a difícil función do embaixador dobre, esa posición que só González-Millán e uns poucos mais souberon desempeñar con xenerosidade e sentido da responsabilidade histórica, é dicir, do compromiso cunha nación que se saía da foto tópica da tarxeta postal. Nas universidades e nas publicacións americanas González-Millán abriu os espacios para comunicar unha maneira rigorosa e renovadora a Galicia de hoxe. Da emerxencia da literatura galega contemporánea, da narrativa recente, da singularidade sociolingüística sóubose na súa universidade gracias á presenza de investigadores galegos que ano a ano falaban sobre estes temas. E nesta ribeira do Atlántico aprendemos con el a explicarnos no *verbo dos arxinas* da socioliteratura: sistema literario, periferia, subalternidade, parodia, subversión... O embaixador dobre cumpría así á perfección o difícil papel de atender a uns e outros desde Nova York, coma quen di, o embigo da rede cultural occidental. Nin foi o primeiro nin será o último galego en Manhattan: Castelao descubriendo a negritude urbana norteamericana tan diferente da que coñece en Cuba, Maruxa Mallo fascinada por Warhol, os nosos intelectuais exiliados dos que fala Víctor Fuentes, e agora artistas coma Francisco Leiro, todos teñen alí un pé chantado. Sempre haberá galegos en Nova York pero se algo singulariza a González-Millán, insisto, é o seu papel de embaixador dobre que desde Queens, onde vivía, e Manhattan, onde traballaba, miraba con perspectiva a realidade galega inmersa no mundo.

En Nova York celebrouse o III Congreso Internacional de Estudos Galegos da AIEG no ano 1991. Un dos logros daquel congreso foi o de abrir as portas

aos investigadores de Galicia e de Europa e, polo tanto, abrir de feito unha asociación que naceu co pulo dalgúns universitarios americanos. Logo de Kathleen March e de Antonio Carreño, González-Millán coidou que era preciso galeguizar e internacionalizar realmente a asociación e, daquela, facer máis presente a investigación do noso no mundo. De Nova York saíu o modelo de macrocongreso plural que agora coñecemos. Logo virían Oxford, Trier, La Habana. Moito cadra esta actitude aberta e crear espacios co talante de González-Millán para facermos e explicarmos unha Galicia moderna, consciente da súa diferenza e con proxección internacional. O afectuoso e arriscado Xoán González-Millán era máis amigo do traballo rigoroso e valente ca da autocompracencia e a sentimentalidade, por iso o mellor que nos pode quedar dun afouto teórico coma el son os seus libros e artigos. Xoán González-Millán, o embaixador dobre, preparou o azougue dos espellos nos que nos miramos, desde a conciencia identitaria e a responsabilidade histórica de avanzarmos e explicármonos. Avanzar nestes camiños, dialogando en acordo ou desacordo co mestre, é cousa nosa.

Xan, perdeste como mestre e como amigo fáiseme tan insoportable que regreso ao Mildreas de Leiro e lle poño a túa cara con algunhas canas máis.